

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento PE201B).

BDNS (Identif.): 882127.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/882127>

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas, xurídicas ou pluralidade de persoas físicas que sexan peme do sector de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura ou ser unha entidade asociativa do sector transformador dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Segundo. *Finalidade*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para investimentos en peme de transformación dos produtos procedentes da pesca e da acuicultura, que terán como finalidade realizar investimentos que:

1. Fomenten a calidade e valor engadido dos produtos.
2. Aumenten a eficiencia enerxética, reduza o impacto no ambiente ou mellore a mobilidade sustentable da distribución de produtos da pesca.
3. Melloren a seguridade, a hixiene, a saúde e as condicións de traballo.



4. Favoreza a economía circular mediante: a prevención; a optimización de procesos; a minimización dos residuos (ecodiseño e ecoeficiencia); o aproveitamento comercial das capturas non desexadas e subprodutos; o uso de descartes para o desenvolvemento de subprodutos; a transformación de capturas de peixe comercial que non poidan destinarse ao consumo humano; e a transformación de subprodutos obtidos das actividades principais de transformación.

5. Fomenten a transformación de produtos da acuicultura ecolóxica en virtude dos artigos 7 e 8 do Regulamento (CE) nº 2018/848.

6. Fomenten a adaptación dos operadores aos requisitos de cumprimento e certificación de acordo ao Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, ou o Regulamento (UE) nº 2018/848 no relativo a produtos de acuicultura ecolóxica.

7. Dean lugar a novos e mellores produtos e procesos, ou a sistemas de xestión e organización perfeccionados en materia de transformación dos produtos.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se convocan para o ano 2026.

Cuarto. *Importe*

As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.723B.770.6 correspondentes á Consellería do Mar para 2026. Os importes máximos das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario será de 14.000.000,00 €, distribuídos nas seguintes anualidades:

Anualidade 2026: 5.000.000,00 de euros.

Anualidade 2027: 9.000.000,00 de euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte á publicación da orde.



Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

Marta Barreiro Castro
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: d2iokch4-z6p2-wuc3-1yc0-mqylof166cs9

